

TRABALLANDO COA PUBLICIDADE NA AULA



GUIA DIDÁCTICA





GUÍA DIDÁCTICA DO CURSO TRABALLANDO COA PUBLICIDADE NA AULA:

ÍNDICE:

Pax.

1. Presentación e descrición xeral do curso	2
2. Obxectivos	2
3. Competencias profesionais do profesorado	3
4. Contidos	4
5. Correlación das competencias básicas cos contidos do curso	5
6. Metodoloxía	5
7. Temporalización	5
8. Seguimento e desenvolvemento do curso	6
9. Descrición da plataforma	7
10. Canles de comunicación	8
11. Avaliación	9
12. Aplicación práctica nas aulas	10
13. Requisitos técnicos para seguir o curso	10
14. Titorización	11



1. PRESENTACIÓN E DESCRICIÓN XERAL DO CURSO:

Queremos darvos a benvinda á sétima edición do curso Traballando coa publicidade na aula, organizado conxuntamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto Galego de Consumo (organismo autónomo pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria), co obxecto de proporcionarlle aos docentes as ferramentas precisas para desenvolver o tratamento da publicidade na aula, favorecendo o desenvolvemento das competencias básicas e dos contidos curriculares da etapa.

Para un mellor aproveitamento do curso, aconsellamos ler detidamente esta **Guía didáctica**, que permite coñecer a dinámica e a estrutura do curso, así como a forma de comunicación e de avaliación.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos do curso son:

- ◆ Adquirir uns coñecementos básicos sobre a publicidade que permitan empregala na aula en dous ámbitos diferentes:
 - Tratamento da publicidade como recurso para desenvolver os contidos curriculares propios da etapa e as competencias básicas.
 - Tratamento da publicidade como contido curricular en sí mesmo.
- ◆ Analizar e construír materiais con publicidade e sobre publicidade, que sirvan de modelo e soporte para trasladar esta temática nas aulas.
- ◆ Empregar ferramentas das TIC para a adquisición de coñecementos na formación continua e posible aplicación posterior nas aulas.

2

3. COMPETENCIAS PROFESIONAIS DO PROFESORADO

O rol docente constitúe un elemento clave no proceso de ensino- aprendizaxe, sobre todo canto máis aberto e flexible sexa o currículo.

É preciso que o docente posúa ou adquira unhas competencias que lle permitan desenvolver capacidades prácticas e cognitivas, así como actitudes e aptitudes que poida trasladar ao seu alumnado.



Dende a perspectiva máis ampla, o papel do docente debe integrar os eidos do saber, do saber ser e estar, do saber facer que, e do saber facer como. Por iso neste curso, preténdese traballar a temática da publicidade dende estes catro aspectos, e así favorecer a adquisición e o desenvolvemento das seguintes competencias:

- ◆ Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do/a alumno/a
- ◆ Membro dunha organización
- ◆ Investigador/a e innovador/a
- ◆ Competente en tecnoloxías da información e a comunicación

4. CONTIDOS

O curso divídese en 8 módulos, nos que se fai un percorrido desde a conceptualización e a historia da publicidade, pasando polo seu marco normativo, ata chegar á súa aplicación nas aulas.

Trátase de coñecer os aspectos máis básicos da publicidade de cara a súa aplicabilidade nas aulas, para desenvolver os contidos curriculares propios da etapa, así como o tratamento da publicidade como contido curricular en si mesmo.

A continuación descríbense os módulos que compoñen o curso:

- ◆ Módulo 0: PRESENTACIÓN DO CURSO Traballando coa Publicidade na Aula.
 - Guía didáctica.
- ◆ Módulo 1: CONCEPTO E HISTORIA DA PUBLICIDADE.
 - Definicións e elementos da publicidade.
 - Disciplinas relacionadas coa publicidade.
 - Diferenza entre información, publicidade e propaganda.
 - Orixe da publicidade.
 - Publicidade moderna e a chegada dos medios audiovisuais.
- ◆ Módulo 2: TIPOS DE PUBLICIDADE
 - Tipos de publicidade.
 - A publicidade segundo o obxecto.
 - A publicidade segundo o anunciante.
 - A publicidade segundo o obxectivo da campaña.



- A publicidade en función da súa intensidade ou proxección.
- A publicidade Segundo os medios.
- A publicidade non convencional.
- ◆ Módulo 3: A MENSAXE E A LINGUAXE PUBLICITARIA.
 - A mensaxe publicitaria.
 - A linguaxe publicitaria.
 - Código lingüístico.
 - Código visual.
 - Simbología e funcións da linguaxe publicitaria.
- ◆ Módulo 4: ESTEREOTIPOS E VALORES
 - Modelos de socialización.
 - Os estereotipos na publicidade.
 - Os valores na publicidade.
- ◆ Módulo 5: CONSUMO E PUBLICIDADE
 - Dereitos e deberes das persoas consumidoras fronte á publicidade.
 - Marco legal da publicidade en Galicia.
 - A Publicidade ilícita.
- ◆ Módulo 6: A PUBLICIDADE COMO RECURSO PEDAGÓXICO
 - Como usar a publicidade para adquirir competencias e obxectivos educativos.
 - Inclusión da publicidade nas programacións de aula.
- ◆ Módulo 7: MÓDULO FINAL.
 - Conclusións.

5. CORRELACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS COS CONTIDOS DO CURSO

Considérase de gran importante a correlación das competencias básicas cos contidos.

Neste senso, dedícase unha actividade a analizar esta correlación, dentro do módulo 6, onde se traballa a publicidade como estratexia pedagóxica.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta para realizar o curso que se describe nesta guía baséase nunha idea de aprendizaxe colaborativa. Para iso, será imprescindible a participación nos foros de debate ou opinión, de xeito que o



alumnado poida enriquecerse coas achegas de todas as persoas participantes construíndo entre todos e todas unha aprendizaxe significativa.

As titoras do curso realizarán un seguimento individualizado do alumnado e tentarán atender as súas demandas, prestarlle apoio e resolver as súas dúbidas e necesidades formativas e de ampliación de documentación e coñecementos.

7. TEMPORALIZACIÓN

CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO			
0	PRESENTACION CURSO TRABALLANDO COA PUBLICIDADE NA AULA	Datas	Duración
	Revisión guía didáctica		3 horas
	Tarefa 1: Presentación no foro de presentación de participantes		
	Realización do cuestionario inicial		
1	CONCEPTO E HISTORIA DA PUBLICIDADE	Datas	Duración
	Consulta dos contidos do módulo		4 horas
	Tarefa 2: Elementos e disciplinas en publicidade		
	Tarefa 3: Foro sobre a publicidade, información e propaganda		
	Revisión dos materias complementarios		
2	TIPOS DE PUBLICIDADE	Datas	Duración
	Consulta dos contidos do módulo		4 horas
	Tarefa 4: tipos de publicidade		
	Revisión dos materias complementarios		
3	A MENSAXE E A LINGUAXE PUBLICITARIA	Datas	Duración
	Consulta dos contidos do módulo		



	Tarefa 5: foro sobre a linguaxe publicitaria		4 horas
	Tarefa 6: a mensaxe publicitaria		
	Revisión dos materias complementarios		
4	ESTEREOTIPOS E VALORES	Datas	Duración
	Consulta dos contidos do módulo		
	Tarefa 7: Estereotipos e valores		4 horas
	Tarefa 8: Foro sobre o que nos transmite a publicidade		
	Revisión dos materias complementarios		
5	CONSUMO E PUBLICIDADE	Datas	Duración
	Consulta dos contidos do módulo		
	Tarefa 9: A publicidade ilícita		4 horas
	Tarefa 10: Foro sobre os deberes das persoas consumidoras.		
	Revisión dos materias complementarios		
6	A PUBLICIDADE COMO RECURSO PEDAGÓXICO	Datas	Duración
	Consulta dos contidos do módulo		
	Tarefa 11: Elaboración dun material educativo		
	Revisión dos materias complementarios		6 horas
7	MODULO FINAL	Datas	Duración
	Realización do cuestionario final		
	Enquisa de valoración		3 horas

8. SEGUIMENTO E DESENVOLVEMENTO DO CURSO

Os módulos abríranse de forma progresiva seguindo o calendario presentado na súa temporalización.

Cada módulo consta duns contidos fundamentais e dunhas tarefas, que poden ser de traballo individual ou de participación activa en foros.

En cada módulo apórtanse tamén materiais complementarios, que se poderán valorar no foro correspondente, no cal ademais será posible incluír “discusións” sobre calquera temática relacionada co curso.

As tarefas que non consistan na participación nun foro deberán enviarse ás titoras a través da plataforma.

As datas de envío sinaladas son simplemente orientativas para a distribución do traballo, que se realizará de forma homoxénea ao longo do tempo de duración do curso.

9. DESCRICIÓN DA PLATAFORMA

7

Estas son as ferramentas e os recursos máis habituais que se empregan na plataforma:



documento PDF. Permite ver e acceder aos contidos, pero non permite facer modificacións neles.



Foros.. Medio de comunicación idóneo para publicar mensaxes e manter discusións públicas sobre diferentes temáticas ou opinións. A o longo desta guía especificaranse as funcións dos distintos tipos de foros.



Participantes. Permite o acceso ao listado da información de todos e todas as participantes (alumnado, titoras, coordinación) e permite intercambiar mensaxes a través da propia plataforma.



Contido do módulo. (formato web), permite ler os contidos do curso na pantalla do ordenador.



Arquivo de Word. Permite descargar a tarefa correspondente a cada módulo e tamén facer modificacións no documento.



Envío e/ou consulta de tarefas que Permite enviar as tarefas feitas e consultar a súa cualificación.



Arquivo en formato vídeo VLC.



Enquisa. Actividade non cualificable que permite avaliar o aprendizaxe neste tipo de actividades en liña.



Enlace directo. Hipervínculo que dirixe a unha páxina web.

10. CANLES DE COMUNICACIÓN

Ofrécense varias ferramentas de comunicación permanentes, que permiten a interacción entre o propio alumnado e entre o alumnado e as titoras.

A continuación descríbense as ferramentas de comunicación:

Titorías: a través do sistema de mensaxería da propia plataforma, o alumnado poderá poñerse en contacto coa titora de cada un dos módulos, para clarificar calquera aspecto vinculado aos contidos, tarefas ou aplicacións prácticas. Servirá tamén para resolver calquera dúbida e consulta sobre o seu desenvolvemento.

Ademais, a información ou as noticias de interese colectiva, publicaranse no “**Foro de Novas**” presente no módulo 0, que está vinculado ao correo electrónico de todo o alumnado participante.

Para calquera outra dúbida relacionada coa organización e cos contidos pódese contactar coas titoras do curso a través da mensaxería da plataforma.

Pódense empregar os foros presentes en cada un dos módulos para manter unha comunicación fluída entre todas as partes. As dúbidas relacionadas coa xestión (altas, baixas, etc) deben dirixirse ao asesor ou asesora do CAFI responsable do curso.

Os foros que se poden utilizar no curso son os seguintes:

- **Foro de presentación dos participantes** (obrigatorio)
- **Foros que constitúen tarefas do curso** (obrigatorios): nos que se formulará un tema de discusión e análise no que todos e todas deben participar.



- **Foros xerais de cada módulo:** Permite ao alumnado e ás titoras abrir diferentes temas de discusión, así como, amosar materiais de interese ou comentar calquera aspecto sobre o curso.

11. AVALIACIÓN

Neste curso avaliarase:

- ◆ A participación activa do alumnado e a súa implicación no desenvolvemento do curso.
- ◆ A realización das tarefas.
- ◆ A elaboración dun material educativo (tarefa 11)
- ◆ A reflexión compartida sobre os contidos e tarefas presentados a través dos foros que se habilitarán en cada módulo.

Ao longo do curso recordaranse todos estes criterios e os prazos para a realización das tarefas.

Todas as dúbidas que poidan xurdir neste sentido poderán consultarse a través das vías sinaladas.

De acordo coa ORDE do 14 de maio de 2013 de convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG Núm. 96 do 22 de maio de 2013), na seguinte táboa recóllense todas as tarefas obrigatorias do curso, cun valor asignado en % segundo a súa dificultade e tempo estimado para a súa realización.

A escala de valoración será igual para todas as tarefas entregables (Satisfactorio/Non satisfactorio/Supera o esperado) e irá sempre acompañada dun comentario e/ou de indicacións para a súa mellora. No caso da participación nos foros as titoras recollerán se se participa ou non en cada un dos foros -tarefa.

De xeito específico avaliaranse:

- ◆ Tarefas (actividades e foros)
- ◆ Elaboración dun material educativo (módulo 6: tarefa 11)



Nome tarefa	% do valor	Especificación da escala utilizada
Presentación (módulo 0 tarefa 1)	5%	Realizado / Non realizado
Cuestionarios inicial e final// foros xerais de cada módulo.	10%	Realizado / Non realizado
Tarefas entregables (módulos 1,2,3,4,5// tarefas 2,4,6,7 e 9)	35%	Supera o esperado / Satisfactorio / Non satisfactorio
Foros -tarefa (módulos1,3,4,5//tarefas 3,5,8,10)	25%	Participa/ Non Participa
Elaboración dunha Unidade didáctica (Módulo 6: tarefa 11)	25%	Supera o esperado / Satisfactorio / Non satisfactorio

Para superar satisfactoriamente o curso débese alcanzar a lo menos o **80%** do mesmo con valoración positiva.

10

12. APLICACIÓN PRÁCTICA NAS AULAS

Este curso ten por obxecto optimizar e fomentar a aplicación práctica do traballo por proxectos nas aulas, dotando ao profesorado das ferramentas técnicas necesarias para o correcto desenvolvemento dos proxectos, relacionados co currículo propio de cada etapa.

13. REQUIRIMENTOS TÉCNICOS PARA SEGUIR O CURSO

- ❖ Ter un equipo de sobremesa ou portátil con acceso a Internet para acceder a PLATEGA.
- ❖ Dispor dun navegador actualizado (Firefox, Google Chrome, Internet Explorer).
- ❖ Ter instalado un lector de documentos PDF. Para o caso de non dispor do programa, pódese descargar na páxina web <http://get.adobe.com/es/reader/>
- ❖ Ter instalada unha ferramenta de reprodución multimedia VLC.



14.TITORIZACIÓN

As titoras encargadas do desenvolvemento do curso son:

- ❖ Cristina Justo Suárez
- ❖ María Asunción Piñeiro Fernández
- ❖ Ana Otero Junquera

